

DECRETO
SOCIAL
RESOLUCIÓN
GALEGA
DE

**LAUDOS ARBITRAIS E
PROPOSTAS DE MEDIACIÓN ACEPTADAS**

EXPEDIENTE

2/03

LAUDO ARBITRAL

José M^a Casas de Ron, designado polas partes árbitro en acta de compromiso arbitral de data 17 de febreiro de 2003, en procedemento de solución de Conflictos, en base ao establecido no Capítulo III do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA), procedemento número de referencia 2/03, no que son interesados, dunha parte as asociacións patronais ASIME, ATRA, FECA, FONCALOR e INSTALECTRA, e da outra a Federación do Metal de C.I.G., a Federación Mineiro Metalúrxica de CC.OO., e M.C.A.-U.G.T., partes asinantes da acta de compromiso arbitral citada e lexitimados no Conflito sobre diverxencias xurdidas entre as mesmas por falla de acordo na interpretación do artigo 45. c) relativo á revisión salarial do convenio do metal para empresas siderometalúrxicas sen convenio propio da provincia de Pontevedra (D.O.G. 13.07.00); Visto o expediente e oídas as partes, resolvo a cuestión exposta por medio do presente laudo en base a os seguintes

Antecedentes

As discrepancias xurdidas na interpretación do sistema de revisión salarial para o ano 2002 non permitiron acadar ás partes un acordo nas diversas reunións que mantiveron a tal efecto, incluídas as reunións celebradas os días 16 e 20 de xaneiro do presente ano da Comisión Mixta e Paritaria do Convenio Colectivo. Non consta no expediente que nas revisións salariais dos dous anteriores anos de vixencia do convenio colectivo houbera desacordos. Esgotadas as canles de solución internas, tal e como consta na citada acta de compromiso arbitral, as partes acoden ao sistema de solución extraxudicial de Conflictos colectivos.

Os antecedentes propios son os seguintes: o art. 45 do convenio establece: “c) Revisión salarial ano 2002. Se a 31 de decembro de 2002 o IPC de dito ano superase o IPC previsto polo Goberno para dito ano, efectuarase unha revisión salarial, axiña se constate tal circunstancia, no exceso sobre a indicada cifra. Esta cantidade aplicarase con carácter retro-

activo dende o mes en que se supere dita porcentaxe. Tal incremento servirá como base de cálculo para as táboas salariais do ano seguinte.” Los apartados a) e b) do citado artigo, revisión salarial para los años 2000 e 2001 respectivamente, son de idéntica redacción.

Procedemento

O árbitro designado constituíu a mesa de arbitraje en data 17 de febreiro asistindo a dita mesa representantes das dúas partes en litixio e especificamente representando ás asociacións empresariais don J.M.R.S., e polos sindicatos de C.I.G., CC.OO. e U.G.T., respectivamente, don E.A.N., don J.C.R. e don J.A.A.G., en nome das Federacións de rama correspondentes.

O árbitro comunica que no procedemento garantíranse os principios de audiencia, contradición e igualdade, podendo as partes efectuar calquera alegación que sirva coma defensa das súas posicións e que á vez sirva para ilustrar ao árbitro nos matices do asunto que se somete á súa decisión.

Nesta reunión as partes expoñen ao actuante as diverxentes posicións sobre tal materia e que, ademais, non puideron solucionarse nin nas reunións da citada Comisión Mixta e Paritaria do citado Convenio Colectivo nin noutras que se teñen seguido ao efecto. Entenden as partes que unha vez que o árbitro coñeceu as diferencias na interpretación dos cómputos temporais que marca, a xuízo dunha e outra parte, o citado artigo 45 do convenio, non cabe outra solución que a decisión arbitral. Neste mesmo acto, o árbitro solicita das partes séxalle remitida diversa documentación referida á cuestión, e que se concreta en copia das actas da mesa de negociación, e da mesa de redacción do Convenio Colectivo que conteñan algunha mención ás cuestións sobre revisión salarial para os anos 2000, 2001 e 2002. Así mesmo solicita as actas da Comisión Mixta e Paritaria nas que se tratara sobre tales cuestións, documentos estes que poden servir ao árbitro coma elementos de base na interpretación do citado precepto, e que foron remitidos ao árbitro polo Secretario da mesa de negociación do citado Convenio, don L.P.A., en data 20.02.03, data que se considera referente aos efectos do prazo para dictar laudo establecido no artigo 24.2 regulador do procedemento de arbitraje do AGA.

Da análise da documentación aportada e dos datos ofrecidos polas partes ao árbitro no trámite de audiencia ás partes consignada anteriormente, non se observan referencias que podan servir ao árbitro coma elementos directos de interpretación na cuestión plantexada. Soamente existen referencias a tal cuestión nun acta da reunión ordinaria da Comisión Mixta e Paritaria do Convenio Colectivo celebrado en data 08.03.01, pero sen que as actas de negociación e das da Comisión de redacción do citado Convenio ofrezan luz no sentido que se demanda na presente cuestión.

O árbitro, pois, soamente ten o texto do citado precepto e las matizacións e alegacións plantexadas polas partes sobre o alcance temporal das citadas previsións revisoras de salarios e especificamente aplicables para o ano 2002 posto que non constan documentalmente cuestións que puideran ter afectado ao ano 2000 e 2001.

Fundamento da resolución

Ante o conflito xurídico que se plantexa, o árbitro dispón, como se dicía, do propio texto do artigo 45, no seu apartado c), que ten que ser obxecto dunha interpretación

conforme ás regras establecidas no artigo 3 do Código Civil e por outra parte e como ferramentas para determinar o alcance do que en tal norma se establece, deberá de examinalo á luz doutros sistemas de revisión comparables e das solucións que a través de tales sistemas se teñan acadado, e todo elo no marco indubitado e reconecido polas partes e especificamente polos representantes das Asociacións do metal que son parte no presente Conflito, que explicitaron ao árbitro que o que as dúas partes querían era que os traballadores mantivesen, durante a vixencia do convenio, o seu poder adquisitivo. A cuestión concreta é que, se ben ámbalas dúas partes teñen traballado neste senso, ao que non chegan é a precisar o alcance da expresión contida na citada letra c do artigo 45, cando sinala que a revisión salarial se efectuará “axiña se constate tal circunstancia... Esta cantidade aplicarase con carácter retroactivo dende o mes en que se supere dita porcentaxe”. Esta falta de acordo na interpretación dos termos do artigo provoca que as partes non se poñan de acordo nos efectos económicos que implica a revisión salarial para o ano 2002.

O árbitro estima que a primeira das diverxencias reflectidas non ofrece dúbida en canto á súa solución. É de común aceptado que cando se fai referencia á constatación do incremento de IPCs anuais (“axiña se constate tal circunstancia”, sinala o Convenio) é simplemente o momento no que o Goberno fai público de forma definitiva o incremento do índice de prezos ao consumo para cada ano natural, e é precisamente nese momento cando, coñecido o dato, vanse calcular as desviacións sobre das previsións efectuadas a fin de manter o nivel adquisitivo global por parte dos traballadores., proxectándose temporalmente dita revisión, baseada na desviación incremento/IPC real, debendo de terse en conta que o precepto convencional non permitiría a utilización do coñecido e común sistema xeral de aplicación de revisión salarial utilizado polas entidades xestoras da Seguridade Social para a revisión anual das pensións por desviación no IPC previsto polo Goberno.

En base a todo isto, quedan, a xuízo do árbitro, claras dúas cousas: unha, o mecanismo de revisión ten que esperar indispoñiblemente a que se coñeza o dato do IPC real facilitado polo Goberno, e por outra parte o artigo en cuestión e a diferenca doutros artigos que se establecen noutros convenios colectivos para a revisión salarial, establece expresamente que esta cantidade se aplicará con carácter retroactivo dende o mes en que se supere dita porcentaxe. Diciase que a estes efectos son de aplicación as regras de interpretación do Código Civil e a primeira é que se interpreten as normas conforme aos seus propios termos, interpretación literal que ademais, no presente suposto, compadécese coa fin que buscaban as partes e tamén sistematicamente con outros artigos en iguais termos incluídos en numerosos convenios e que por ser coñecidos son de ociosa cita (neste sentido, unicamente consignar que dentro do mesmo sector, o convenio propio da maior empresa do metal da provincia contén un mecanismo similar ao establecido no precepto en litixio cando sinala “... con efectos a partires do mes en que o IPC superara dita porcentaxe” – Convenio Colectivo 2001/2003).

Todo isto lévanos a colixir que, unha vez que se coñeceu o dato do IPC real en función da inflación do ano 2002, os cálculos aplicables da revisión salarial para o ano 2002, toda vez que a 31 de decembro de dito ano superouse a porcentaxe fixada como subida salarial no artigo 45 c), motiva indispoñiblemente como se dicía que se ten que revisar a súa contía entre o exceso entre o IPC real do conxunto do ano 2002 e a citada porcentaxe pactado aplicándose pois ao fío desa interpretación literal e sistemática necesariamente dende o mes en que se superou dita porcentaxe.

Non caben outras interpretacións aínda que efectivamente haberían outros sistemas. Dise isto porque ao árbitro, no trámite de audiencia, foille explicado pola parte empresarial un sistema de proxección das desviacións do nivel adquisitivo en función dos IPCs superiores ao previsto mensuais ao longo do ano 2002. A xuízo deste árbitro, e examinado con detalle o asunto ata os seus últimos extremos, e aclarando previamente que ao seu xuízo a única interpretación posible no presente caso sometido á interpretación arbitral é a interpretación primeira e preferente que esixe o Código Civil, estima que ditas proxeccións, a fin de que foran absolutamente exactas, obrigarían a calcular ditas desviacións utilizando integrais, sistema que por unha parte o árbitro cre que non é o que se debe de aplicar por decisión da propia norma e que por outra parte oponse a un presuposto común tradicional no noso ordenamento normativo en materia salarial como é que conceptos e cálculos salariais sexan facilmente perceptibles para aqueles que perciben retribucións polo seu traballo por conta allea.

En resumo, o árbitro entende que na presente cuestión, sometida á súa decisión, so cabe esta interpretación literal, que se compaxina perfectamente cunha análise histórica e sistemática destas cláusulas cando teñen a expresión literal do mes en que se debe de aplicar con carácter retroactivo, que a interpretación arbitral serve á finalidade establecida polas partes como é o mantemento do poder adquisitivo dos traballadores coma elemento central da discusión, que ademais é un sistema claro e perceptible polos interesados, e que en definitiva solucióna con acordo a un sistema común e ordinario o litixio salarial, sen perxudicar, ademais, ás últimas posicións das partes nesta materia, comunicadas ao árbitro e que, a estes efectos, o mesmo ten en conta.

Por elo, conforme aos propios termos do artigo 45 c) é as regras do artigo 3 do Código Civil, vista a documentación aportada, cumpridos os principios de garantía do procedemento, resolvo a cuestión xurídica plantexada dictando o seguinte laudo conforme ao artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos Colectivos de Traballo publicado no D.O.G. de 04.05.95.

ÚNICO: Procederase a unha revisión salarial cuxa contía será o exceso entre o IPC real do conxunto do ano 2002 comunicado polo Goberno e a porcentaxe pactada para o citado ano no convenio colectivo, aplicándose con carácter retroactivo dende o mes de abril do citado ano, incrementándose así os salarios totais dos traballadores a fin de manter o seu poder adquisitivo. Estes salarios servirán de base para a aplicación de niveis salariais sucesivos.

O presente laudo poderá ser recorrido perante a xurisdición social nos termos establecidos no apartado 4 do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA).

Dado en Vigo, a 28 de febreiro de 2003

O árbitro

José M^a Casas de Ron

EXPEDIENTE

7/03

LAUDO ARBITRAL

Pilar Sánchez-Cuervo Peña, nomeada árbitro en acta de compromiso arbitral de data 28 de febreiro de 2003, en procedemento de solución de Conflictos, en base ao establecido no Capítulo III do acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Tráballo (AGA), procedemento número de referencia 7/03, no que son interesados, dunha parte, a representación legal dos traballadores a través do seu Comité de Empresa, e doutra a empresa “F., S.L.” mediante acta de compromiso arbitral remitida en data 25 de febreiro de 2003, como partes lexitimadas do Conflicto sobre diverxencias xurídicas entre as partes, visto o expediente e oídas as partes, resolvo a cuestión presentada por medio do presente

Laudo

Obxecto da arbitrase

Interpretación do apartado b) do artigo 43 que figura baixo a rúbrica “Revisión Salarial año 2002” do Convenio Colectivo da Empresa “F., S.L.” para os anos 2001-2002.

Antecedentes

As discrepancias xurdidas na interpretación do sistema de revisión salarial para o ano 2002 non permitiron ás partes chegar a un acordo nas diversas reunións mantidas a tal efecto. Esgotadas as vías de solución internas, optaron por acudir ao sistema de solución extraxudicial de Conflictos colectivos.

O antecedente fundamental e o artigo 43.b) do Convenio citado, que textualmente establece “Si a 31 de diciembre de 2002 el IPC de dicho año superase el IPC previsto por el Gobierno para dicho año, se efectuará una revisión salarial, tan pronto se constate tal circunstancia, en el exceso de la indicada cifra. Esta cantidad se aplicará con carácter

retroactivo desde el mes en que se supere dicho porcentaje. Tal incremento servirá como base de cálculo para las tablas salariales del año siguiente”.

A árbitro convocou ás partes para o día 5 de marzo de 2003, comparecendo á citación don J.I.I.U. e don M.P.G. en representación da empresa, e don X.C.A.L., doña M.P.R. e doña D.A.V. en representación do Comité de Empresa, sendo membros pertencentes ás centrais sindicais C.I.G. e U.G.T.

Os citados manifiestan que os feitos que motivan o Conflito é o relativo ao distinto modo de ver o “tempus” desde cando debe aplicarse a revisión salarial derivada da evolución do IPC no ano 2002.

Os representantes da empresa declaran que a revisión salarial para o ano 2002 debe facerse desde o mes de agosto, por canto é a partir dese mes cando a subida do IPC consolídase por riba do 2% previsto, nun ano en que o índice sinalado experimentou varias fluctuacións.

Os representantes da parte social sosteñen, polo contrario, que o alcance temporal da revisión salarial debe retrotraerse ao mes de abril do 2002, xa que o Convenio establece que as diferencias salariais aplicaranse desde o mes en que se supere a porcentaxe do IPC previsto.

Preguntadas as partes se nas actas da mesa de negociación do Convenio contense algunha referencia sobre a cuestión debatida, a presposta é negativa.

Dos datos ofrecidos polas partes ao árbitro no trámite de audiencia, non se extraen conclusións que poidan servir como elementos directos da interpretación da norma.

En consecuencia, a árbitro, tan só conta co texto do citado precepto, e coas declaracións das partes acerca do alcance temporal das tantas veces referidas previsións revisoras salariais de aplicación no ano 2002.

Fundamentos xurídicos

Ante o conflito xurídico suscitado, dispónse, como xa se expresou, do apartado b) do artigo 43 do convenio, que ten que ser obxecto dunha interpretación conforme as regras establecidas no artigo 3 do Código Civil: “Las normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos, y la realidad social del tiempo en que deben ser aplicados, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas”.

Pois ben, o artigo en cuestión, establece expresamente que a cantidade, a resultante do exceso entre o IPC previsto para o ano 2002 e o real a 31 de decembro, aplícase con carácter retroactivo desde o mes en que se supere dito porcentaxe. Por iso, a primeira regra de interpretación das normas a ter en conta, segundo xa se indicou, e a que fai referencia, ben á literalidade, ou á conformidade cos propios termos da norma, atendendo mesmamente ao espírito e finalidade daquelas.

É precisamente nesa liña de razoamento onde se significa, por unha banda, que os termos da cláusula obxecto de análise son taxativos, sen deixar lugar a dúbidas no tocante ao alcance temporal da retroactividade, xa que expresa textualmente que “Esta cantidade se aplicará con carácter retroactivo desde el mes en que se supere dicho porcentaje”, sen empregar outras distincións con respecto a períodos mensuais nos que o

IPC acumulado non sobrepase o previsto ou á necesidade de “consolidación” do incremento do mesmo por riba o inicialmente determinado; por outra, cumpre sinalar que a finalidade desde tipo de cláusulas de revisión salarial non é outra que a de manter o poder adquisitivo dos salarios.

Polas consideracións descritas, díctase a seguinte

Resolución

A interpretación do apartado b) do artigo 43 do Convenio Colectivo da empresa “F., S.L.”, é a de que a cantidade resultante da diferenza entre o IPC previsto para o ano 2002 e o IPC real a 31 de decembro do mesmo ano, debe aplicarse con carácter retroactivo desde o mes de abril do 2002, inclusive.

O presente laudo poderá ser recorrido diante a Xurisdición do Social nos termos establecidos no apartado 4) do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA).

Dado en Ourense, en data 7 de marzo do ano 2003.

A árbitro

Pilar Sánchez-Cuervo Peña

EXPEDIENTE

11/03

LAUDO ARBITRAL

José M^a Casas de Ron, designado polas partes árbitro na acta de compromiso arbitral con data 21 de maio de 2003, en procedemento de solución de Conflitos, en base ao establecido no Capítulo III do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), procedemento número de referencia 11/03, no que son interesados, dunha parte a empresa “S.A., S.A.”, e doutra os traballadores da citada empresa, partes asinantes da acta de compromiso arbitral citada e lexitimados no Conflito sobre diferencias insalvables na fixación da porcentaxe – suba salarial para o Convenio Colectivo de empresa para o ano 2003; Visto o expediente e oídas as partes, resolvo a cuestión presentada por medio do presente laudo en base aos seguintes

Antecedentes

As discrepancias xurdidas na fixación da porcentaxe – suba salarial para o Convenio Colectivo de empresa para o ano 2003 non permitiron acadar ás partes un acordo nas diversas reunións que mantiveron a tal efecto. Esgotadas as canles de solución internas, constitúese a comisión de conciliación e mediación prevista no artigo 15 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Conflitos de Traballo (AGA), tal como consta na acta de constitución, asinada en Ourense o 5 de maio de 2003, na que se nomea conciliador-mediador ao que subscribe.

Nas dúas primeiras reunións da mesa de mediación celebradas nos días 5 e 12 de maio na Confederación de Empresarios de Ourense, reunións ás que asistiu doña M^a.M.P., asesora do Departamento Xurídico da citada Confederación, ademais das persoas consignadas máis abaixo, achegáronse as posicións pero sen chegar a acordo. No transcurso da terceira reunión, celebrada en Vigo o 21.05.03, e ante a persistencia no desacordo sobre os incrementos salariais a fixar no Convenio colectivo, as partes concertaron nomear ao mediador árbitro e que por este procedemento se solucionase o Conflito.

Procedemento

O árbitro designado constituíu a mesa de arbitraje o mesmo día 21 de maio constituíndo a dita mesa representantes das dúas partes en litixio e especificamente en nome da empresa doña M^a.L.L.A e don L.P.H., e doutra o delegado de persoal dos traballadores don C.G.M.. e o representante da Federación de Transportes de U.G.T. Galicia don E.B.L..

O árbitro comunica que no procedemento garantíranse os principios de audiencia, contradición e igualdade, podendo as partes efectuar calquera alegación que serva como defensa das súas posicións e que á vez serva para ilustrar ao árbitro nos matices do asunto que se somete á súa decisión.

Considerandos da decisión arbitral

O conflito estriba sinxelamente en que as partes, pese á mediación practicada, non foron capaces de establecer un acordo sobre a suba salarial, dado que a pesares de que no citado procedemento de mediación se achegaron as dúas posicións, que na primeira das reunións observábanse moi distintas, toda vez que a empresa ofrecía o IPC previsto máis o 0,50 e os traballadores solicitaban unha suba que se podería avaliar nun 14,98 % nos conceptos salariais, pese ao achegamento que como se dicía se produciu nas tres reunións de mediación, o mesmo non foi suficiente como para que as partes acadaran unha posición concertada.

Dado que o conflito é de intereses, o actuante, xa constituído como árbitro dirimente e seguindo unha doutrina na solución de conflitos pola vía arbitral coñecida, tivo en conta as últimas posicións das partes como límites da súa decisión arbitral, para o cal solicitou por escrito a ambas a fixación das súas últimas posicións económicas para que serviran de elementos ao árbitro na fixación da súa decisión. Previamente a isto, as partes concertaron no trámite de mediación, que o incremento salarial para o ano 2003 se substanciase nun concepto salarial na forma de plus de convenio, a tódolos efectos salarial, cotizable por suposto á Seguridade Social, e consolidable para os efectos da súa integración ordinaria na estrutura salarial e ser tido en conta na subseguinte negociación colectiva, plus que ademais terá a consideración de aumento lineal para tódolos traballadores.

Sendo este o único punto de litixio, e tendo en conta as últimas posicións das partes presentes ao árbitro por escrito, resolvo en equidade a cuestión presentada, vista a documentación aportada, e cumpridos os principios de garantía do procedemento, dictando o seguinte laudo conforme ao artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos Colectivos de Traballo publicado no D.O.G. de 04.05.95.

Único:

A suba salarial para o Convenio Colectivo da empresa “S.A., S.A.” (Servicio de ORA de Ourense) para o ano 2003, será unha suba liñal de tódolos conceptos e para tódolos traballadores, por importe de 44,00 euros, que se devengará nun plus de conve-

nio salarial cotizable e consolidable a tódolos efectos, en todas e cada unha das pagas fixadas no Convenio Colectivo citado.

O presente laudo poderá ser recorrido perante a xurisdición social nos termos establecidos no apartado 4 do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Trballo (AGA).

Dado en Ourense, a 23 de maio de 2003

O árbitro

José M^a Casas de Ron

EXPEDIENTE

15/03

LAUDO ARBITRAL

José M^a Casas de Ron, designado polas partes árbitro en acta de compromiso arbitral de data 6 de xuño de 2003, en procedemento de solución de conflitos, en base ao establecido no Capítulo III do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), procedemento número de referencia 15/03, no que son interesados, dunha parte a empresas “A.A.V., S.A.” e de outra a representación dos traballadores, partes asinantes da acta de compromiso arbitral citada e lexitimados no conflito sobre diverxencias xurdidas entre as mesmas por diferencias na negociación do convenio colectivo ano 2003-2005 no relativo a horarios. Visto o expediente e oídas as partes, resolvo a cuestión suscitada por medio do presente laudo en base aos seguintes

Antecedentes

As discrepancias xurdidas en canto a horarios na negociación do convenio colectivo para os anos 2003-2005 non permitiron acadar ás partes un acordo nas diversas reunións que mantiveron a tal efecto. Esgotadas as canles de solución internas, tal e como consta na citada acta de compromiso arbitral, as partes acoden ao sistema de solución extraxudicial de Conflitos colectivos.

Os antecedentes propios son os seguintes: o artigo 6^o do convenio colectivo de empresa publicado no D.O.G. de 12.09.00, regula a xornada laboral e horario de traballo para os anos 2000, 2001 e 2002. E o último parágrafo do citado artigo di: “*A partir do 16.12.02 a empresa analizará os resultados obtidos na xornada continuada e en función deles tomará a decisión da xornada que se vai realizar a partir do 1 de xaneiro de 2003*”.

Durante o período 01.01.02 ao 31.12.02 mantívose, a título experimental, unha xornada de traballo continuada, con horario de 7,00 a 15 h. Con data 17.12.02, reunidos empresa e comité, acordan, e así o recollen na acta, retornar á xornada partida manten-

do o horario de 8,00 h. a 13,00 h. e de 14,30 h. a 17,30 h., deixando sen efecto o horario establecido experimentalmente de xornada continuada. O 20.12.02 a empresa comunica a tódolos seus traballadores que, a partires do 1 de xaneiro de 2003, o horario de traballo será o mencionado no parágrafo anterior, sen que por parte dos traballadores se aceptase este.

En data 12.05.03 elabórase por parte de empresa e comité un acta na que recollen, no seu punto 8º, que en materia de horario acórdase someterse ao AGA, toda vez que as partes non logran pórse de acordo neste punto final que impide o remate da negociación do convenio colectivo.

Procedemento

O árbitro designado constituíu a mesa de arbitraje en data 6 de xuño asistindo a dita mesa representantes das dúas partes en litixio e especificamente representando á empresa o seu Director don L.A.B., asistido pola asesora doña M.B.A. e polos traballadores don J.C.G.P., presidente do comité de empresa, don F.I.S., don J.E.C.O., don C.G.L. e don J.L.C., membros do comité de empresa, e don J.C.R., secretario comarcal da Federación de Minero-Metal de CC.OO.

O árbitro comunica que no procedemento garantíranse os principios de audiencia, contradicción e igualdade, podendo as partes efectuar calquera alegación que serva como defensa das súas posicións e que á vez serva para ilustrar ao árbitro nos matices do asunto que se somete á súa decisión, así como a renuncia durante a tramitación do presente procedemento a medidas de conflito colectivo e folga.

Nesta reunión as partes expoñen ao actuante as diverxentes posicións sobre tal materia que non puideron solucionarse nas diversas reunións mantidas.

En síntese, e como desenvolvemento dos extremos consignados no apartado dos antecedentes, obsérvase que despois do cambio de titularidade por compra dos estaleiros a partir de 1999, producíronse unha serie de investimentos para recuperar a carteira de pedidos, renovando o proceso produtivo, recuperando a confianza dos armadores – clientes, e reincorporando a 80 traballadores.

Neste contexto presentouse a negociación colectiva para o 2000/2002, e plasmouse como fundamento empresarial do novo tempo, a xornada partida, incluíndo un sistema de proba de xornada continuada, cunha avaliación a partires de decembro do 2002, avaliación que a xuízo da empresa é negativa, pois dita xornada provoca alteracións na produtividade, afecta á prevención de riscos, desvíase do sistema de xornada do grupo empresarial, e desencáixase coa de provedores e incluso de estaleiros da propia ría, que non teñen este réxime de xornada.

En resumen, e como presentación xeral destas alegacións, á empresa convenlle a estabilidade, e esta estabilidade tamén debe de conseguirse polos procedementos negociais de condicións de traballo; tería sido importante poder incluír tamén os aspectos relativos á distribución de horarios. A empresa continúa a súa alegación no sentido de que espera que sexa este o último conflito, sinala que o precedente establecido no convenio colectivo 2000-2002, a propia organización da empresa e a paz social, implican a necesidade dunha solución, e de aí a súa confianza no presente procedemento extraxudicial de Conflitos.

As alegacións dos traballadores, en primeiro lugar efectuadas a través do presidente do comité de empresa, comezan manifestando ao árbitro que a xornada continuada é xornada tradicional do estaleiro e que mesmo habería un sustento legal, pois existe un acta de 15.07.99 na que se facía referencia á xornada tradicional continua.

Co cambio de propiedade, os traballadores que van entrando na empresa inclúen nos seus contratos a xornada partida, e no ano 2000, en convenio colectivo, pactouse unha xornada partida cuns períodos probatorios para a xornada continuada, cunha análise de resultados; pois ben, a xuízo dos traballadores, a xornada continuada é válida mesmo desde o punto de vista da análise de resultados / produtividade, pois no ano 2002 entregáronse 9 barcos (con meses de xornada continuada) e en 2001 entregáronse 8 barcos (con xornada partida). Ademais, sinala que a xornada partida prexudícalles economicamente, pois polas dificultades de tráfico en Vigo moitos traballadores non poden, durante a interrupción, acudir a comer ás súas casas, o que lles supón un desembolso dun termo medio de 7 euros por día, ao ter que comer en locais de comidas da zona, e ademais afectando todo iso ao que é unha práctica produtiva consolidada no sector como a realización de horas extraordinarias, ademais de producirse outros menoscabos para os traballadores como é que dita xornada partida aféctalles para poder dedicarse na tarde a asuntos particulares o persoais. De todo este conxunto de razóns veñen as medidas de presión colectivas, pois a empresa segue sen querer saber nada da xornada continuada.

O Sr. C., dirixente e asesor de CC.OO., pregúntase neste intre se a produtividade é medible, se a xornada continuada presenta problemas coas empresas auxiliares, considerando que a empresa é dos poucos estaleiros con xornada partida; que están moi condicionados polo feito da compra, en 1999, en medio dunha crise e que os traballadores cederon, nun principio, para xerar confianza, pero que hoxe non hai razóns que diferencien a este estaleiro doutros que teñen xornada continuada, e que ademais preséntase un problema de aparcamento porque, ao entrar os traballadores máis tarde, atópanse con tódolos lugares nos que é factible aparcar vehículos totalmente ocupados.

Na quenda de réplicas, a representación da empresa sinala que a produtividade é medible, e que cando a representación de persoal falou de 9 barcos en 2002 e 8 en 2001, compara parámetros diferentes, pois non tódolos barcos son iguais, os criterios de organización son diferentes e en todo caso habería que ver as toneladas de rexistro de buques (Rexistro GTC). Así mesmo, sinala que nos estaleiros pequenos (e cita unha relación), teñen xornada partida, e que no seu grupo empresarial a filosofía é a de xornada partida. Sinala que non pode entrar na problemática que se presenta sobre a comida, aínda que recoñece que moita xente vai comer á súa casa, e que hai que aceptar que cando a nova organización propietaria chega ao estaleiro, faino cunha idea e compromisos de futuro que cren que van cumprindo e consolidando a situación empresarial, incluídas a estabilidade dos traballadores no seu posto de traballo. Por outra parte, tódolos datos ofrecidos son coñecidos polo comité de empresa e hai estudos que o demostran.

Por parte dos traballadores, na segunda quenda de réplica, expónse ao árbitro que non houbo unha clara fundamentación /demostración da maior produtividade da xornada continuada, que cada estaleiro é distinto e que estarían plenamente de acordo se este se dedicara á reparación; lembra que a comida é un grave problema sobre todo motivado por cuestións de tráfico, ademais do problema do aparcamento. (Intervén neste punto a representación da empresa para clarexar ao árbitro que hai unha rúa cega na

entrada dos estaleiros no que aparcan os traballadores e que palía, nalgunha medida, o problema cos vehículos presentado).

Así finaliza esta fase.

Fundamento da resolución

A cuestión que se presenta á solución arbitral consiste na fixación dunha proposta dirimente nun Conflito de intereses entre dúas opcións de xornada conforme ao artigo 34 do Estatuto dos Traballadores e artigo correspondente do convenio colectivo en fase final de negociación, que substitúa ao vixente para o período 2000-2002.

Quedaron suficientemente explicitadas as dúas posturas en litixio; corresponde pois, ao árbitro, decidir sobre tal cuestión, tendo en conta tódolos antecedentes e as realidades que presenta tal cuestión para o colectivo de traballadores e para os intereses empresariais.

Parte dunha cuestión o árbitro. Cada organización empresarial dispón a súa actividade cunha filosofía ou *modus operandi* que, evidentemente, entre outros importantes e decisivos aspectos, afectan ás cuestións relacionadas coa xornada, os horarios e quendas; elementos, os tres, claves na distribución e organización do traballo. Nunha primeira visión, é importante dilucidar o que é esencial a cada empresa e a cada filosofía empresarial o de grupo, coma elemento interno, elemento que logo haberá que contrastar, haberá de medirse cos sistemas organizativos nestas cuestións que teña o resto do sector, empresas ou instalacións comparables. O feito de que a empresa actúe na súa organización de grupo coma outros estaleiros, se ben non todos, cun sistema productivo que implica a xornada partida, é un feito relevante, é un feito que pertence a ese entramado decisorio esencial de cada organización e que, por iso, tamén é relevante coma punto de partida para o árbitro actuante. Sobre esta base decisoria tamén é de reseñar como importante, o conxunto regulador desta cuestión e a percepción que del teñen os traballadores, como outro factor decisivo dentro da organización empresarial, e se ben o árbitro considera que non pode entrar en temas que afectan aos traballadores coma cidadáns desta difícil cidade que é Vigo en canto ao tráfico, e por outra parte tampouco entraría nunha posible compensación por manutención, por entender que esta sería materia típica salarial de negociación colectiva, si evidentemente quere entrar, e entra, en que o convenio colectivo anterior xa establecía uns meses de xornada continuada que, por outra parte, en canto ao tempo, coinciden con períodos moi ao uso para a implantación de tales xornadas continuadas na estación estival, comúns en tódolos sectores e con dimensión xa de práctica social.

Este árbitro, e nesta solución en equidade que é a que cabe aplicar ao presente litixio, e poder desta forma por remedio á negociación do convenio colectivo para os próximos anos, entende que se pode retomar o tempo fixado no anterior convenio ao que se fai referencia e si establecer un período dentro do ano de xornada continuada que, dalgunha forma, atenúa sen grave quebranto productivo, o réxime de xornada partida inherente nestes tempos á filosofía do grupo empresarial que reflatou e tenta consolidar a actividade dunha empresa importante para o sector na Ría de Vigo.

En resumen do antedito, o árbitro tentará conciliar o que é unha realidade empresarial coa posibilidade de determinado período de xornada continuada, polo que vistas

as últimas posicións das partes, que encaixan dentro das previsións establecidas no artigo 34 do Estatuto dos Traballadores, e establecidas no artigo 6 do convenio colectivo anteriormente vixente da empresa, publicado no D.O.G. de 12.09.02, resolvo a cuestión presentada en equidade dictando o seguinte laudo, vista a documentación aportada, cumpridos os principios de garantía do procedemento, resolvo a cuestión xurídica presentada dictando o seguinte laudo conforme ao artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos Colectivos de Traballo publicado no D.O.G. de 04.05.95.

ÚNICO: O convenio colectivo de empresa para os anos 2003 – 2005 de “E.A.V., S.A.” recollerá, dentro da regulación de xornada laboral e horario de traballo que a xornada diaria será partida en todo o ano e na distribución que se concerte, salvo os meses de xuño, xullo e agosto, en que se realizará a xornada diaria continuada, e con efectos inmediatos dende a mera comunicación do presente laudo.

O presente laudo poderá ser recorrido perante a xurisdición social nos termos establecidos no apartado 4 do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA).

Dado en Vigo, a 13 de xuño de 2003

O árbitro

José M^a Casas de Ron